



XUNTA DE GALICIA

Conselleira de Sanidade

María Pilar Farjas Abadía

Santiago, 12 de maio de 2010

Estimados artistas solidarios, empresas colaboradoras, compradores e colaboradores voluntarios, recibide todos o meu sincero parabén.

A xeito de informe final da operación Haití-Chile, pódese afirmar que fomos quen de transformar as 47 obras doadas polos 33 autores solidarios, que quedaron recollidas no catálogo da exposición e poxa benéfica, nos 12.580 euros aportados polos participantes na poxa das mesmas. A metade desa cantidade estase a ingresar en cada unha das respectivas contas correntes das organizacións que están a traballar coas poboacións afectadas.

Esta é a contribución económica acadada a través de tres feitos que é preciso salientar: a doazón artística voluntaria de traballadores do sistema de saúde galego cando se fai unha chamada xeral a través do correo electrónico, a xenerosidade solidaria das persoas que adquiriron as obras na poxa benéfica, e a colaboración desinteresada dalgúns empresas e persoas que permitiron realizar un sen fin de tarefas organizativas.

Pendientes agora da entrega das obras aos seus propietarios, só resta agradecer a cadaquén a seu esforzo solidario e reiterar os parabéns a todos.

Moitas grazas,